

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a quince de novembro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### *1.- ACTA ANTERIOR*

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 9 de novembro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### *2.- LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRAS*

- Gandeiría Conde Cuñarro S.C.

#### ANTECEDENTES

1. Don Antonio Dafonte Lorenzo, na representación da sociedade GANDEIRÍA CONDE CUÑARRO S.C., con CIF núm.

- ██████████ e con domicilio social no lugar de Cuñarro do Medio, parroquia de Arnego, solicitou con data 1 de agosto de 2023 (RE-E núm. 440) licenza municipal de obras para LEGALIZACIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE, con emprazamento no lugar de Cuñarro do Medio, parroquia de Arnego.
2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido con data 17 de xaneiro de 2011 e está integrada por Don Antonio Dafonte Lorenzo (DNI núm. ██████████), Dona Alicia Mundín Vázquez (DNI núm. ██████████) e Don José Manuel Dafonte Mundín (DNI núm. ██████████). Dito documento foi elevado a público mediante escritura pública estendida con data 10 de abril de 2012 ante o notario de Chantada (Lugo) Don Eduardo Díez Fernández-Barbé (protocolo núm. ██████).
  3. Achégase proxecto técnico, visado polo colexio correspondente (██████████, do 01/08/23), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
  4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A edificación auxiliar de explotación de vacún obxecto de legalización sitúanse en terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria” polo PXOM en vigor.

4. Proxéctase a legalización dunha edificación auxiliar vinculada a unha explotación de vacún de leite existente. A edificación a legalizar está destinada a zona de partos, enfermería e zona de destete de tenreiros da explotación de vacún.
5. A valoración da execución material das obras a legalizar ascende á cantidade de DEZ MIL SEISCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (10.698,39 €).
6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
7. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
8. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titulares do predio	[REDACTED]
Inscripción no Rexistro da Propiedade	[REDACTED]
Refª catastral das parcelas	36047A139004690000LT 36047A139004760000LK 36047A139000080000LH 36047A139000090000LW 36047A139000100000LU 36047A139000110000LH 36047A139000120000LW 36047A139000130000LA 36047A139000140000LB 36047A139000170000LQ (agrupadas ante notario)
Superficie da parcela	7.086 m <sup>2</sup>
Uso autorizado	Legalización de edificación auxiliar de explotación de vacún

Superficie ocupada en planta

Zona de partos-enfermería-zona de destete de  
tenreiros: 82,26 m<sup>2</sup>

9. O artigo 39 g) da LSG establece que as novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima. Porén, a Instrución 1/2016, do 29 de abril, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que establece o réxime aplicable ás explotacións existentes no momento de entrada en vigor da Lei 9/2002 (DOG núm. 87, do 09/05/16), indica no seu apartado terceiro que ás explotación agrogandeiras existentes no 1 de xaneiro de 2003 que se proxecte ampliar en máis do 50 % do volume orixinario nesa data non lle será de aplicación o réxime de distancias a núcleos e vivendas establecidas no artigo 39 g) da LSG.
10. A explotación de vacún obxecto da ampliación proxectada existía con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, o que se acredita mediante a resolución de recoñecemento de explotación agrícola ou gandeira estendida pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes en data 14 de febreiro de 2006 (expediente núm. 8056), polo que resulta de aplicación a Instrución sinalada no anterior apartado.
11. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
12. Por Resolución de data 14 de setembro de 2023 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. ██████████).
13. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 da LSG).
14. A xefa do Servizo de Explotacións Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, en data 04/08/23, informa de xeito favorable o proxecto.

15. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
16. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
17. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
18. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** CONCEDER a GANDEIRÍA CONDE CUÑARRO S.C. licenza municipal de obras para LEGALIZACIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE, con emprazamento no lugar de Cuñarro do Medio, parroquia de Arnego, con estrita suxeición ao proxecto técnico, visado polo colexio correspondente (██████████, do 01/08/23), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a

indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).

- c) As fachadas da ampliación a legalizar e das edificacións e construcións existentes na parcela deberán de pintarse coa mesma cor de acabado que as edificacións proxectadas, aos efectos que, en cumprimento do establecido polo artigo 39 c) da LSG, resulten acordes coa paisaxe rural e as construcións do contorno.
- d) Logo de rematar a obra deberá presentar certificado final de obra asinado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.
- e) Deberá achegar comunicación previa para o inicio da actividade.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUSCENTOS TRECE EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (213,96 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CINCUENTA E TRES EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (53,49 €).

### ***3.- ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS NO ANO 2023***

#### **ANTECEDENTES**

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 1 de agosto de corrente, aprobouse a convocatoria e as bases específicas para a concesión de subvencións para actividades deportivas desenvolvidas no ano 2023.
2. Dita convocatoria e bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no Boletín Oficial da Provincia núm. 155, correspondente ao día 11 de agosto de 2023.

3. Durante o prazo de presentación de solicitudes, achegáronse ao Rexistro municipal as seguintes instancias:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	DATA	NÚM. REXISTRO
ASOCIACIÓN RECREATIVA RODEIRO C.F.	██████	Competición federada	18/09/23	E – 523
BALONMÁN RODEIRO	██████	Competicións federadas	19/09/23	E – 527
ESCOLA DE FÚTBOL SALA RODEIRO	██████	Competicións federadas	19/09/23	E – 528

4. Observados erros na documentación presentada polas asociacións, requíriúselles a emenda dos mesmos. Ditos requirimentos foron cumprimentados polas solicitantes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, actuando como comisión cualificadora e en atención aos criterios establecidos na base cuarta da convocatoria, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir as solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos das bases e da convocatoria.

Segundo.- Conceder subvencións para actividades deportivas desenvolvidas no ano 2023 ás seguintes asociacións polas contías que deseguido se especifican:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	CANTIDADE SOLICITADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
ASOCIACIÓN RECREATIVA RODEIRO C.F.	██████	Competición federada	8.139,04 €	5.000,00 €
BALONMÁN RODEIRO	██████	Competicións federadas	8.436,73 €	6.500,00 €
ESCOLA DE FÚTBOL SALA RODEIRO	██████	Competicións federadas	13.400,00 €	6.500,00 €

#### ***4.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIA DE CAMBA)”***

O Sr. alcalde informa que por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 13 de outubro do corrente, foi aprobado o proxecto técnico da obra de “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIA DE CAMBA)”, redactado pola enxeñeira de

camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, en data outubro de 2023, cun importe de execución por contrata de CINCUENTA E DOUS MIL TRESCENTOS OITO EUROS (52.308,00 €), IVE incluído.

A Deputación Provincial, por resolución de data 25/10/23, concedeu ao Concello unha subvención para dita obra por importe de 52.308,00 € , ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria extraordinaria de subvencións da Deputación de Pontevedra para reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 46, correspondente ao día 7 de marzo de 2023 (expediente núm. ██████████).

Xa que logo, dispoñendo xa dos permisos e autorizacións sectoriais preceptivas para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación dos servizos de “*acceso aos núcleos de poboación*” e “*pavimentación das vías públicas*”, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Deputación Provincial.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIÁ DE CAMBA)”, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado sumario, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da LCSP, co preo como único criterio de adxudicación.

## **5.- APROBACIÓN DA AUDITORÍA MUNICIPAL DA REDE DE SANEAMENTO PARA A DETECCIÓN DE INFILTRACIÓNS**

### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Augas de Galicia, por resolución de data 23/02/23, concedeu ao Concello unha subvención para a actuación denominada “Auditoría da rede de saneamento do Concello de Rodeiro”, por importe de 14.423,20 €, ao abeiro da Resolución do 23 de agosto de 2022, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2022 (DOG núm. 170, do 07/09/22) – Expediente [REDACTED].

Segundo.- A auditoría foi realizada pola sociedade CUARTAZONA INGENIERÍA S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Santiago de Compostela, por medio dun contrato de servizos adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 12/05/23.

Terceiro.- A conta xustificativa da subvención foi aprobada por este órgano na sesión celebrada o día 20 de setembro do corrente.

### **FUNDAMENTO XURÍDICO**

Único.- O artigo 22.3 a) da Resolución do 23 de agosto de 2022 esixe a aprobación da auditoría municipal polo Concello.

Debidamente informados de canto antecede, considerando que a auditoría foi correctamente confeccionada, axústase aos requisitos da subvención concedida e resulta conforme para o interese público, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

### **ACORDO**

Primeiro.- Aprobar a Auditoría da rede de saneamento do Concello de Rodeiro, redactada por CUARTAZONA INGENIERÍA S.L., con data xuño de 2023.

Segundo.- Remitir certificación deste acordo a Augas de Galicia, aos efectos requiridos.

## **6.- CONCESIÓN DA QUINTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2023**

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 16 de marzo do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 23/02/23. Con data 26 de maio do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello a axuda solicitada (RE núm. 878, do 30/05/23).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, con data 13/11/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a quinta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coas contías e destinos que se especifican:

### Gasto de investimento

BENEFICIARIA	NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	81,00 €	Pagamento de lentes

### Gasto corrente

BENEFICIARIO/A	DNI/NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████████	████████	Rodeiro – Rodeiro	500,00 €	Apoio á infancia (pago de residencia)
████████████████████	████████	Baroncelle – Carboentes	363,00 €	Pagamento de recibos (leña)
████████████████████	████████	Baroncelle – Carboentes	150,00 €	Pagamento de produtos de alimentación, hixiene e limpeza

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2023. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes do gasto polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2024. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro da axuda outorgada ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade da cantidade anticipada, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

## 7.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- José Andrés Albor Méndez

VISTA a instancia presentada por Don JOSÉ ANDRÉS ALBOR MÉNDEZ, con DNI núm. ██████████, veciño do lugar do Coto, parroquia de Santa Mariña de Pescoso (RE núm. 1822, do 09/11/23), pola que solicita autorización municipal para a instalación dunha canle de abastecemento de auga para uso agropecuario para o que precisa do cruce polo camiño municipal situado entre as parcelas con referencias catastrais 36047A062001480000PX e 36047A059003370000PR, segundo plano achegado. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, autorización municipal para a ocupación do dominio público para os fins solicitados e para usos legalmente permitidos, coas seguintes condicións:

Primeira.- A canle deberá ser colocada a unha profundidade mínima de 80 cm., respectando no seu caso os servizos xa existentes, e coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na normativa sectorial de aplicación.

Segunda.- A data de inicio da realización das obras necesarias deberá ser comunicada ao Sr. concelleiro-delegado de servizos básicos, con antelación á mesma.

Terceira.- Unha vez finalizadas as obras, deberá deixar o pavimento nas condicións no que se atopa na actualidade.

Cuarta.- A autorización enténdese concedida “a precario” e o Concello poderá revogala en calquera momento, se o interese público así o esixe, sen dereito algún a indemnización por parte do solicitante. Asemade, a reparación dos eventuais danos que se puideran producir na canle instalada, por mor de obras de acondicionamento das vías públicas afectadas, promovidas polo Concello ou outras Administracións Públicas, serán integramente a costa do solicitante.

## ***8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE ASPERELO***

VISTO o escrito presentado por Don José Rodríguez Pardo, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Barrio, parroquia de San Martiño de Asperelo (RE núm. 1836, do 13/11/23), polo que, na representación da Comisión de festas da parroquia de San Martiño de Asperelo, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 10, 11 e 12 de novembro do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

## ***9.- FACTURAS E PAGOS***

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MARÍA ELENA JORGE MATO 99,58 €  
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 720,63 €  
Por prestación de servizo de axuda no fogar, modalidade de libre concorrencia, no mes de outubro de 2023, s/factura núm. A/118 (FACe).
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 2.062,64 €  
Por prestación de servizo de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de outubro de 2023, s/factura núm. A/117 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 73,06 €  
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de outubro de 2023, s/factura núm. 23ZNX0212429 (FACe).
- ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A. 10.408,18 €  
Honorarios por dirección de obra incluída no Plan Concellos 2022, s/factura núm. 23/641 (FACe).
- MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO 2.602,04 €  
Honorarios por coordinación de seguridade e saúde de obra incluída no Plan Concellos 2022, s/factura núm. 09/2023.
- ALMACENES CALMERA S.L. 524,90 €  
Por subministro de equipamento para instalacións deportivas municipais, s/factura núm. 143 026492.
- BODYTONE INTERNATIONAL SPORT S.L. 2.351,99 €  
Por subministro de equipamento para instalacións deportivas municipais, s/factura núm. VN2307929.
- REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL 390,00 €  
Por subministro de equipamento para instalacións deportivas municipais, s/factura núm. FGF-2023/78.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas dez minutos, da que como secretario, estando a presente e certifico.

O secretario,  
*(sinatura dixital)*

O alcalde  
*(sinatura dixital)*